

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO MERCADO EXPOSICIÓN “SALVATERRA MILENARIA” O DÍA 25 MAIO 2024
--

1º Apelido :	2º Apelido:	Nome:	
DNI	Data de nacemento:	Teléfono de contacto:	Correo-e:
DATOS DO/A SOLICITANTE:			
Nome da vía/Barrio:		Nº : Piso/ Puerta:	
Parroquia:	Localidade:	Código Postal:	
Provincia:			
Marcar tipo de puesto: <input type="radio"/> Comerciante <input type="radio"/> Artesán <input type="radio"/> Alimentación <input type="radio"/> 2ª mano <input type="radio"/> Asociación <input type="radio"/> Otros (especificar):			
Material a expoñer			
Empadroado			
<input type="radio"/> Sí <input type="radio"/> Non			
Observación			

En Salvaterra de Miño a de 2024

Asdo:

A solicitude debidamente cumprimentada débese adxuntar a seguinte documentación:

- Para tódolos solicitantes
 - o Fotocopia DNI
 - o Documento de actividade ou alta en autónomos
- Para asociacións:
 - o CIF, ASOCIACIÓN e declaración responsable sen ánimo de lucro.
- Para a venda de Segunda man
 - o Declaración responsable de produtos doados para a súa venda
- Para venda de alimentación:
 - o Carnet de manipulador de alimentos

BASES PARA PARTICIPAR NO MERCADO EXPOSICIÓN “SALVATERRA MILENARIA” DO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO O DÍA 25 DE MAIO 2024

I. ORGANIZACIÓN, DATA E LUGAR DA CELEBRACIÓN

1. O Mercado Exposición “Salvaterra Milenaria” gratuïto está organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Salvaterra de Miño.
2. Terá lugar o día 25 maio de 2024 no Recinto Amurallado de Salvaterra.
3. O día do montaxe será o 25. Ás 10:30h deste día deberán estar tódolos postos abertos e preparados.
4. O Horario será o seguinte: Desde as 10:30 - 21:30h.
5. Sectores: artesanía, alimentación, roupa, xoguetes, 2ª man....

II. INSCRICIÓN

1. Poderán participar na presente convocatoria comerciantes, empresarios e artesáns e asociacións tendo prioridade as solicitudes locais, ata cubrir todo o espazo.
2. A adxudicación dos postos, que se situarán no Recinto Amurallado de Salvaterra, efectuarase expresamente por orde de inscrición polos interesados. As prazas son limitadas.
3. O prazo de presentación das solicitudes de inscrición no MERCADO EXPOSICIÓN SALVATERRA MILENARIA, na súa edición 2024, será desde o día seguinte á data destas bases ata o día 10 de maio.
4. Os espazos utilizados serán os que se proporcionen desde o Concello.
5. Para participar será necesario cumprimentar a ficha de inscrición, segundo o modelo que figura como Anexo ás presentes bases, e presentalos mediante una mensaxe electrónica ao correo comunicacion@concellodesalvaterra.org, especificando os datos persoais, dirección, teléfono, e os produtos ou servizos para exposición e venda e achegar á mesma a seguinte documentación esixida:
 - 1 Fotocopia da seguinte documentación:
 - a. Para todos os solicitantes: - Fotocopia DNI
 - b. Documento de actividade ou alta en autónomos

- c. Para Asociacións: - CIF. Asociación - Declaración responsable de Asociación sen ánimo de lucro.
- d. Para venda 2ª man: - Declaración responsable de produtos doados para a súa venda
- e. Para venda de alimentación: - Carné de manipulador de alimentos

6 Cada adxudicatario será o encargado de colocar o posto (mesa, jaima, cadeiras...) e de decorar con elementos medievais o seu propio posto e a vestimenta do persoal do posto que sexa acorde coa celebración. Os postos NON contarán con puntos de luz.

7. Cada adxudicatario responsabilizarase dos produtos e servizos que expón e vende, non podendo reclamar ao Concello de Salvaterra en ningún caso, por rotura, perda ou roubo dalgún dos produtos.

8. Os produtos que se vendan terán que estar en bo estado.

9. En ningún caso, poderán venderse armas, produtos explosivos ou calquera outro produto que entrañe risco para as persoas e en especial, para os menores de idade.

10. Para o caso dos artigos de 2º man, o responsable da mercadoría achegará ademais a toda a documentación requirida obrigatoriamente, Declaración Responsable asinada onde conste que os produtos postos en venda non proceden de terceiros sen consentimento ou autorización para a súa venda, nin de ningún acto delituoso.

III. MONTAXE E HORARIOS

1. A descarga de material levarase a cabo de maneira dinámica e áxil. Desta maneira facilitarase ao resto de compañeiros realizar o mesmo traballo.

2. Os expositores comprométense a cumprir rigorosamente os horarios de apertura do Mercado establecidos pola Organización, tendo a posibilidade de ampliar horario se así o estiman adecuado os propios artesáns. No caso de non cingirse ao mesmo, previamente haberase de comunicar e autorizar desde o Concello a modificación. O

incumprimento destes horarios sen expresa autorización da Organización, permitirá a esta tomar as medidas oportunas.

IV. EXPOSITORES E VENDA

1. A asignación de espazos e localización de cada expositor levarase a cabo pola Organización, en función das necesidades e intereses do conxunto.

2. A Organización resérvase o dereito para dar por finalizada a actividade de calquer posto que non se adapte aos requisitos establecidos na presente Convocatoria.

3. Todos os expositores comprométese a comercializar unicamente os produtos que consten na solicitude de inscrición e para os que a Organización concede autorización. Por iso, non poderán variar a mercadoría durante o transcurso do evento, podendo nese caso a Organización retirar os produtos para os que non fosen autorizados.

4. Os adxudicatarios comprométese a gardar a estética do evento, non podendo colocar elementos que rompan ou trastornen a imaxe que se ten preparada para o mercadillo.

5. A adxudicación dos postos estará vixente no período de tempo comprendido o día 25 de maio.

6. O adxudicatario do posto deberá comunicar ao Concello se non vai ocupar o posto asignado, con 48 horas de antelación como mínimo á data de inauguración do Mercado Exposición “Salvaterra Milenaria”, co fin de dar paso ao seguinte solicitante que cumpra os requisitos.

7. O Comité Organizador resérvase o dereito de suspender o Mercado Exposición “Salvaterra Milenaria” por diferentes razóns de interese público, forza maior, climatoloxía e similares.

V. ACEPTACIÓN DAS BASES

1. A participación na Edición 2024 do Mercado Exposición “Salvaterra Milenaria”, supón a aceptación destas bases.
2. Calquera dúbida que puidese xurdir da interpretación e aplicación das presentes Bases será resolta no seu momento polo Comité Organizador.